

Sumario | nº43 – Xaneiro 2025

EDIUS NOVAS

O Programa de Mentoría visto polos seus protagonistas



TESES

O idioma e a estrutura *da tese*



OPINIÓN

Un punto de equilibrio



EDIUS NOVAS

Convocatoria 2024 das Axudas Ramón y Cajal


EDIUS NOVAS

EMEC24 premia unha comunicación presentada desde a USC sobre novos contaminantes



ENTREVISTA

Fernando de la Torre Cuevas



«Ver premiada unha investigación sobre metodoloxía é unha alegría engadida»



EDIUS NOVAS

O segundo período de matriculación para iniciar estudos de doutoramento arranca con 423 prazas vacantes



EDIUS NOVAS

Premio Valentín Paz Andrade para unha tese baseada na economía rexional



FELIZ ANO NOVO 2025

EDIUS **NOVAS**

O segundo período de matriculación para iniciar estudos de doutoramento arranca con 418 prazas vacantes

O día 31 de xaneiro comeza o prazo do segundo período de matriculación para os estudos do programa de doutoramento da USC.

O programa de doutoramento con máis prazas dispoñibles é o de Ciencia e Tecnoloxía Química (33), seguido polo de Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos (23) e o de Medicina Molecular (10), Medio Ambiente e Recursos Naturais (17). Sen embargo, xa existen seis PD que cubriron todas as prazas. Trátase dos programas de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario; Dereito; Economía e Empresa; Educación; Ciencias Sociais e Envellecemento; e Estudos da Lite-

ratura e a Cultura; e Lingüística. A solicitude de novas admisións en programas de doutoramento realizarase a través da **[Secretaría Virtual](#)**.

As Comisións Académicas dos programas de doutoramento realizarán a selección do alumnado e publicarán as listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas, de acordo cos criterios de selección establecidos no programa, na Sede Electrónica da USC e na Secretaría Virtual do/a solicitante.

Para iniciar os trámites deste segundo período de matriculación para os estudos do programa de doutoramento, estas son as datas que os interesados/as deberán ter en conta:

Inicio de estudos do programa de doutoramento	Solicitude de admisión 2º período	31 - 6 febreiro 2025
	Publicación relacións provisorias 2º período	14 febreiro 2025
	Reclamación relacións provisorias 2º período	15 - 17 febreiro 2025
	Publicación relacións definitivas 2º período	24 febreiro 2025
	2º período de matrícula	25-27 febreiro 2025

 **Ir ao sumario**

EDIUS

NOVAS

TESES

O idioma e a estrutura *da tese*

O FORMATO

Toda tese estará estruturada, como mínimo, nos seguintes **apartados esenciais**:

■ **Resumo, Introducción , Obxectivos e Hipóteses, Metodoloxía, Resultados, Conclusións e Bibliografía**

Estes apartados deberán reflectirse no índice da tese. Se es doutorando ou doutoranda e xa te atopas na fase de redacción da tese, convén aclarar algúns aspectos formais que se teñen en conta na avaliación do traballo de investigación. Imos repasalos:

1. Debes saber que a EDIUS dispón dun **formato estandarizado** de uso obrigatorio para que poidas maquetar a **coverta, antecuberta e portada interior** da tese.
2. O formato da tese será en **PDF tamaño A4** (desprotexida e sen sinaturas).
3. O documento **non pode ter marcas de auga** e non debe conter de **páxinas en branco imprescindibles**.
4. Así mesmo, é recomendable seguir os criterios de homoxeneidade, lexibilidade tipográfica e facilidade funcional recollidos na guía de estilo para a elaboración de teses doutorais realizadas polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico:
 - Recomendacións de maquetación do corpo da tese. Preme [aquí](#).
 - Exemplo de tese (PDF). Preme [aquí](#).

Importante. **Xa non é preciso entregar ningún exemplar impreso da tese na EDIUS**, aínda que a aplicación de cuberta e antecuberta xenera un PDF para a versión impresa da mesma por se a desexas. Se tes calquera dúbida, contacta coa escola a través do seguinte enderezo electrónico: edius.teses@usc.gal

↩ Ir ao sumario

O IDIOMA

Como norma xeral, a tese redactarase en galego ou castelán, aínda que existen algunhas excepcións:

- Ademais, en atención aos vínculos lingüísticos e históricos existentes entre o galego e o portugués, a tese tamén poderá estar redactada en lingua portuguesa.
- A tese tamén poderá ser escrita e defendida noutras linguas habituais para a comunicación científica no teu campo de coñecemento, sempre que contes coa autorización da túa CAPD. **Nestes casos deberás incluír un resume en galego non inferior a 3.000 palabras na propia tese.**
- Se a túa tese inclúe a maiores dos apartados esenciais outros tales como **referencias, mencións, aportacións ou apéndices**, ben realizados por ti e/ou por outros autores/as, estes poderán figurar no idioma no que foron publicados **aínda que sexa diferente do galego, castelán, ou o idioma autorizado.**
- **Nas teses por compendio de publicacións**, os artigos incluídos na tese poden estar nun idioma diferente ao da propia tese. Ademais, o corpo da tese estará redactado na lingua maioritaria das publicacións incluídas no compendio, sempre que non se empregue unha das linguas oficiais da Universidade.

En calquera caso, o idioma de redacción da tese apróbase co Plan de Investigación, e no caso de querer modificalo, requirirase a aprobación dun novo Plan de Investigación pola CAPD.



EDIUS NOVAS

O Programa de Mentoría visto polos seus protagonistas



Apenas transcorreu un mes desde o arranque do I Programa de Mentoría dirixido ao estudiantado de doutoramento da USC. Nesta primeira edición, serán 20 os alumnos e alumnas de doutoramento mentorizados por outros tantos mentores/as, cubríndose deste xeito o máximo de prazas ofertadas para este curso.

Con esta iniciativa, a EDIUS quere ofrecer aos estudantes de doutoramento con menos experiencia apoio, asesoramento e estímulo para desenvolver unha carreira profesional investigadora satisfactoria.

O Programa de Mentoría pretende ser beneficioso para ambas as dúas partes. Neste sentido, as persoas mentoras poden contribuír ao desenvolvemento académico e/ou investigador doutra persoa compartindo os seus coñecementos e experiencias, incrementando, ao mesmo tempo, a súa sensación de logro persoal e tamén a satisfacción profesional.


Por outra banda, o estudiantado mentorizado recibirá unha orientación personalizada baseada na experiencia profesional e nos coñecementos das persoas mentoras. Ademais, participar nun programa deste tipo pode aumentar a motivación e servir de inspiración durante esta etapa predoutoral.

A idea é que as parellas persoa mentora/mentorizada se reúnan unha vez ao mes, aínda que a periodicidade é flexible tendo en conta as obrigas das dúas partes.

En xaneiro de 2025, haberá unha reunión con todas as persoas mentoras para coñecer de primeira man como se está a desenvolver esta experiencia. No mes de xullo farase unha avaliación para saber como foi a experiencia. Un feedback que permitirá coñecer que cousas se deben mellorar coa vista posta xa nunha segunda edición deste Programa de Mentoría

Conseguimos falar con algunhas das persoas que participan neste programa e isto foi o que nos contaron:

 [Ir ao sumario](#)



@S MENTOR@S

Que che parece esta iniciativa?

Por que te animaches a formar parte do programa

Que agardas poder aprender do teu mentor ou mentora?

Que lle podes aportar ti?



ANASTASSIA OGNEVA

Investigadora posdoutoral Marie Skłodowska-Curie na UiT – The Arctic University of Norway e profesora axudante doutora no Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación)

Paréceme unha iniciativa marabillosa, sobre todo, para aqueles alumnos e alumnas que están desenvolvendo a súa tese sen moito apoio de alguén que lle poida explicar en que consiste a carreira investigadora, por exemplo, cando no grupo de investigación non hai outros alumnos/as de doutoramento, investigadores/as posdoutorais ou alguén que poida dedicarlle tempo. Ás veces os directores e directoras das teses enfocámonos exclusivamente nas tarefas científicas do traballo sen poder prestarlle moita atención ao desenvolvemento persoal dos nosos doutorandos e doutorandas. Por iso, considero que vai ser de gran axuda para o alumnado, para que poidan coñecer as traxectorias doutros investigadores/as que non sexan da súa área. Iso podería contribuír á toma de certas decisións na súa carreira investigadora.

Gústame axudar, na medida do posible, aos investigadores e investigadoras novos. Considero que gran parte do desenvolvemento persoal como investigador/a é saber crear redes de contactos, colaborar, intercambiar ideas. Nunca sabes que idea/opinión pode facerte avanzar no teu traballo. Ademais, gústame aprender e, como xa se nos comentou dende o principio que íamos traballar con persoas doutras áreas, sentía curiosidade por coñecer a realidade doutro campo científico.

Que che parece esta iniciativa?


Por que te animaches a formar parte do programa

Que agardas poder aprender do teu mentor ou mentora?

Que lle podes aportar ti?

Unha experiencia persoal de como cheguei a onde estou agora mesmo, as dificultades que atopei polo camiño e tamén as partes gratificantes da carreira investigadora. Cando eu mesma ía comezar coa tese, moita xente pintábao moi mal e, curiosamente, aínda me lembro disto, a pesar de que a miña experiencia coa tese foi moi boa. Gustaríame dar un exemplo diferente á xente nova.

Naturalmente, vou aprender algo novo. Ningún camiño é igual, polo que seguro que as experiencias da persoa mentorizada me darán unha perspectiva diferente sobre como é a etapa predoutoral na realidade, os problemas que teñen, se hai algo diferente nesta etapa con respecto a como eran as cousas cando facía eu a tese, etc. Todo isto pode axudarme a mellorar como directora dos meus doutorandos e doutorandas.



MANUEL RIEIRO GARCÍA

(Profesor do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade Grupo de Investigación Creación de Valor Sostenible en las Organizaciones (CVSO) da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC

A iniciativa parécese fantástica por varios motivos. En primeiro lugar, afrontar unha tese é un proceso cheo de cousas boas e malas, ás veces difíciles de manexar, pero que en realidade non son para tanto, como a frustración porque non avanzamos, a síndrome do impostor, os rexeitamentos de artigos enviados a publicación, etc. En segundo lugar, compartir coñecementos de varias áreas mantén vivo o ámbito científico da Universidade e permítenos mellorar as capacidades de comunicación. Este programa cobre unha necesidade fundamental na formación doutoral, e creo que terá un impacto moi positivo no desenvolvemento de xeracións futuras de investigadores/as, promovendo a transferencia de coñecementos dentro e fóra da universidade e a creación de relacións e redes de contacto de calidade.

[← Ir ao sumario](#)

Que che parece esta iniciativa?

Por que te animaches a formar parte do programa

Que agardas poder aprender do teu mentor ou mentora?

Que lle podes aportar ti?

As razóns foron varias. Por unha banda, contribuír coa miña experiencia persoal realizando a tese, que transcorreu mentres traballaba en empresas alleas á universidade. Esta experiencia sensibilizoume cos desafíos que afrontan os doutorandos/as, especialmente no relativo á xestión do tempo e a frustración. Por outra banda, o valor do apoio mutuo. Coñecer a experiencia doutras persoas, centrándose no importante e aprendendo que o malo é pasaxeiro, e só serve para coller impulso e lograr o éxito. Mentres cursei o meu doutoramento, tiveron a sorte de coñecer unha persoa do departamento no que agora tamén traballo que se converteu nun punto de apoio fundamental, e quen me orientou nas oportunidades dentro da universidade. Podería considerar que esta vivencia foi un proceso de mentoría “non oficial”.

Transmitir as experiencias, compartir coñecementos e mesmo a forma de superar desafíos, non só enriquece a quen temos diante, senón que reforza o noso camiño. Espero poder ofrecerlle unha perspectiva complementaria á da súa directora e codirector de tese. Ademais, ambos compartimos a mesma experiencia, que é o tremendo reto de realizar unha tese traballando fóra da universidade, polo que o que lle poida contar seguramente lle xere un maior valor ao pensar nos desafíos que se afrontan durante esta etapa, e as oportunidades que poidan abrírselle. O meu obxectivo é proporcionarlle ferramentas e apoio para que poida afrontar esta etapa tan gratificante da mellor forma posible.

Esta experiencia será un proceso de aprendizaxe mutua. A interacción coa miña mentorizada permitírame coñecer un novo campo de estudo, novas formas de pensar e novas metodoloxías, así como ampliar a miña visión do mundo. Ademais, permitírame desenvolver a miña habilidade de comunicación, para transmitir os meus coñecementos de forma clara e concisa a persoas que non pertencen á miña área de coñecemento. Este intercambio de coñecementos e ideas pode inspirarme a xerar novos puntos de vista na miña investigación. Non quero rematar sen felicitar á EDIUS por esta iniciativa tan oportuna e a posibilidade de contribuír ao desenvolvemento de futuras xeracións de investigadores e investigadoras.

Que che parece esta iniciativa?

Por que te animaches a formar parte do programa

Que agardas poder aprender do teu mentor ou mentora?

Que lle podes aportar ti?



CAROLINA RODRÍGUEZ LLORENTE

(Grupo de Investigación en Psicología Educativa (GIPED), Departamento de Psicología, Facultade de Ciencias da Educación da USC)

Penso que se trata dunha iniciativa moi necesaria. Eu tiven a sorte de estar acompañada por un grupo de investigación e doutros estudantes de doutoramento ao longo dos meus estudos, pero cónstame que non é así para todo o mundo. Na miña opinión é vital que desde as escolas internacionais de doutoramento se estableza unha rede de apoios para o alumnado. O doutoramento é moi diferente aos estudos de grao e mestrao porque non temos un grupo de iguais de referencia ou non vemos aos nosos titores/as todas as semanas. Programas como este poden axudar a que a experiencia sexa moito máis enriquecedora.

Nos meus anos de doutoramento adquirín moitos coñecementos e habilidades que quero compartir con outros. Os primeiros anos adoitan ser os máis complicados. Hai moita desinformación e a sensación de sentirse perdido é moi habitual. Teño participado en programas de mentoría no grao e a experiencia foi moi positiva, polo que en canto souben da iniciativa por unha compañeira que traballa na USC inscribinme enseguida.

A min gustaríame poder axudar a outros estudantes a planificar mellor a etapa predoutoral e tamén a posdoutoral en función dos seus intereses e necesidades. Sen referentes pode ser complicado escoller o camiño polo que un quere continuar. Eu creo que podo axudar na procura de bolsas predoutorais e posdoutorais, aconsellar a realización de estadias no estranxeiro ou orientar a carreira académica. Ao final en cinco anos apréndese unha morea de cousas.

Principalmente que todo o que aprendín poida serlle de utilidade a outra persoa, é dicir, que teñan algunha outra saída. Vexo o meu futuro vinculado á actividade docente e investigadora na universidade e, como dirixir teses de doutoramento é unha parte fundamental, o programa pode axudarme a adquirir "habilidades brandas" para titorizar que é difícil desenvolver doutro xeito. Por outro lado, na miña institución aínda non contamos cun programa destas características, pero encantaría trasladarlles todo o que aprenda estes meses para levar a cabo unha iniciativa similar.

[↩ Ir ao sumario](#)

Que che parece esta iniciativa?

Por que te animaches a formar parte do programa

Que agardas poder aprender do teu mentor ou mentora?

Que lle podes aportar ti?



NARMEEN MALLAH

(Epidemióloga no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS). Grupo de Investigación en Xenética, Vacinas, Infeccións e Pediatría (GENVIP-IDIS))

Considero esta iniciativa unha excelente oportunidade para o desenvolvemento persoal e profesional tanto para os mentores e mentoras como para as persoas orientadas.

Sendo unha profesora con poucos anos na USC e investigadora xoven que está construindo o seu equipo de investigación, escoitar aos alumnos e alumnas mentorizados axudárame a entender mellor as posibles necesidades dos meus doutorandos/as. Por outro lado, creo que o alumnado orientado dentro do programa Mentoring beneficiaríanse de escoitar experiencias e consellos de profesionais sen que estean implicados no proxecto de investigación da tese. Poder axudarlles e darlles o empurrón para que continúen cos seus proxectos e ambicións, daríame unha gran satisfacción. Entón creo que o programa nos axuda a todos, profesores/as e alumnos/as, a crecer e mellorar.

Darlles consellos baseados en experiencias profesionais e persoais, axudarlles a desfogar durante os momentos complicados da tese que todos pasamos e teríamos agradecido a presenza dun mentor que nos axudara a ver as cousas desde outra perspectiva. Esta actividade de mentoría tamén axuda ao alumnado mentorizado a estar mellor integrado no sistema e no ámbito universitario e investigador.

Para min, é un crecemento tanto persoal como profesional. Actuar como mentora neste programa forma unha oportunidade para seguir desenvolvendo as miñas habilidades de liderado e comunicación, xa que o meu rol principal sería escoitar ao alumno/a, aprender a guialo e darlle consellos e críticas construtivas. Por outro lado, o programa crea un espazo de creatividade e innovación xa que estaremos mentorizando a alumnado doutras áreas e especialidades, teremos que cambiar os enfoques e as estratexias que solemos utilizar co noso alumnado para a resolución de problemas.

Que che parece esta iniciativa?

Por que te animaches a formar parte do programa

Que agardas poder aprender do teu mentor ou mentora?

Que lle podes aportar ti?



UXÍA YÁÑEZ RAMIL

(Área Patoloxía Animal. Grupo de Investigación Reproducción e Obstetricia da Facultade de Veterinaria)

Dado o enorme esforzo que require a etapa predoutoral, esta iniciativa ofrece un apoio adicional ás persoas que decidiron optar pola carreira investigadora. Esta figura pode ser moi interesante ao comezo da tese, posto que é o inicio dunha nova etapa e a cantidade de dúbidas que poden xurdir é notable, pero tamén durante o desenvolvemento desta e na recta final, cando a carga de traballo é maior.

Penso que é unha boa oportunidade tanto para a persoa que está a realizar a tese como para a persoa mentora. Por unha parte, a persoa mentora pode ofrecer os seus puntos de vista e consellos ante determinadas situacións en base á súa experiencia previa. Por outra banda, a persoa que realiza a tese pode expresar libremente as súas dúbidas e inquietudes, coa confianza de contar con alguén que estivo nesa mesma situación, independentemente da xente que forme parte do seu grupo de investigación. É unha maneira de poder ofrecer algo que considero necesario e que a min me tivese gustado ter durante a miña etapa predoutoral.

Espero poder aportar parte da miña experiencia previa, recomendar estratexias que me axudaron a min no seu momento e que lle poidan axudar agora, animar a esta persoa a que siga o seu camiño aínda que ás veces se volva difícil e recordarlle por que decidiu optar por esta saída profesional.

Penso que é unha boa oportunidade para ver a etapa da tese desde outro punto de vista, sobre todo tendo en conta que agora a miña carreira segue coa dirección de teses de doutoramento. Considero que esta mentoría me pode axudar a aprender cousas útiles para o meu papel como directora.

Que che parece esta iniciativa?

Por que te animaches a formar parte do programa

Que agardas poder aprender do teu mentor ou mentora?

Que lle podes aportar ti?



ALMUDENA HOSPIDO QUINTANA

(Área de Enxeñaría Química. Grupo de Investigación de Biotecnoloxía Ambiental da USC)

A iniciativa paréceme unha interesante e amena proposta que permite por en contacto persoas que están en momentos diferenciados das súas carreiras, o que permite compartir diferentes lentes dun mesmo percorrido.

Teño participado noutros programas de mentoría previamente, tanto vencellados á USC, (como no grupo Compostela de Universidades ou no CRETUS) como fóra da nosa universidade (por exemplo, na escola de Mentoring de IMDEA) e sempre foron experiencias moi enriquecedoras para min.

A miña experiencia e a miña forma de entender a carreira investigadora. É a mochila que levo cargando nestes 25 anos dende que rematei a miña carreira de Enxeñaría Química e xa 20 anos dende que acadei o grao de doutora... Son un montón de experiencias vividas e, polo tanto, moitas aprendizaxes... E as que quedan aínda por vir!

Unha fresca e nova visión da carreira investigadora que igualmente compartirá, estou segura diso, dúbidas e inquiredanzas comúns ás experimentadas por min cando estaba a facer o meu doutoramento e tamén outras non comúns que me axudarán a entender mellor a outras xeracións.

@SMENTORIZAD@S

Que che parece esta iniciativa?

Por que te animaches a formar parte do programa

Que agardas poder aprender do teu mentor ou mentora?

Que lle podes aportar ti?



JOSÉ MANUEL RAOSO

Paréceme unha colaboración marabillosa, que facilita moito a vida do alumnado que acaba de chegar á universidade. Ao ofrecernos unha visión xeral do mundo académico e profesional, axúdannos a desenvolvernos, a gañar experiencia para o futuro e mesmo a construír unha carreira máis sólida, xa sexa no ámbito académico ou profesional. Ademais, permítenos coñecer persoas con experiencias diferentes e brindan un apoio incondicional.

Quixen participar porque vin neste programa unha oportunidade para sentirme máis acompañado nos primeiros pasos na universidade e para adquirir unha orientación que de outro modo levaría máis tempo atopar. A experiencia e os consellos dun mentor ou mentora poden ser de gran axuda para avanzar con seguridade.

Agardo aprender máis sobre o funcionamento da universidade e sobre como xestionar os retos propios deste novo ámbito. Tamén espero descubrir estratexias útiles para desenvolver unha carreira sólida e recibir orientación sobre as opcións que teño tanto a nivel académico coma profesional.


Podo aportar unha perspectiva fresca, moitas ganas de aprender e o meu compromiso de aproveitar ao máximo esta experiencia. Creo que tamén podo compartir a miña propia visión sobre o inicio da vida universitaria e contribuír cunha actitude positiva e colaborativa.

Que che parece esta iniciativa?

Por que te animaches a formar parte do programa

Que agardas poder aprender do teu mentor ou mentora?

Que lle podes aportar ti?



LAURA PORRES

Paréceme unha moi boa idea. É unha forma de conectar ao alumnado con xente que xa pasou por esa etapa.

Creo que esta iniciativa pode axudar aos alumnos a ver as cousas desde outra perspectiva, a poder falar e a transmitir as curiosidades e dúbidas que poidan xurdir nesta etapa. Poder falar con persoas que pasaron por situacións similares axuda.

Gustaríame que me explicase como foi o seu proceso de doutoramento, que problemas atopou, como os solucionou, como chegou a onde está agora, que cousas cambiaría se tivese que doutorarse de novo...

Creo que os mentores e mentoras se sentirán ben aportando a súa experiencia e coñecementos persoais para poder guiar un pouco a alguén que está pasando por unha situación similar e, ao mesmo tempo, podo darlle o meu punto de vista sobre os temas nos que a persoa está involucrada agora, ou cousas que necesita.



CLARA PONCE ROMERO

Paréceme unha proposta sumamente valiosa. Os doutorandos e doutorandas acostumamos a ter un grande entusiasmo por aprender e crecer, pero moitas veces fáltanos a oportunidade de coñecer en profundidade a persoas que percorreron o camiño investigador. Contamos co exemplo cercano dos nosos directores e codirectores, claro, pero cada experiencia profesional é única e aprender sobre outros camiños enriquece enormemente a nosa visión. Cada proceso é distinto e escoitar eses relatos aporta unha perspectiva que vai máis alá da propia experiencia.

Cando vin o anuncio, a palabra "mentoría" despertou o meu interese de inmediato. Aínda que considero a miña directora un apoio fundamental, tiña moita curiosidade por saber que outro punto de vista podería aportarme un mentor. Pensei en quen podería ser esa persoa e como a súa visión podería complementar a miña formación, aportando quizais enfoques e estratexias diferentes no meu desenvolvemento como investigadora.

[↩ Ir ao sumario](#)

Que che parece esta iniciativa?

Por que te animaches a formar parte do programa

Que agardas poder aprender do teu mentor ou mentora?

Que lle podes aportar ti?

Xa tivemos a oportunidade de coñecernos e, desde o primeiro momento, quixen saber máis sobre a súa traxectoria, sobre os retos que afrontou e superou. Ás veces, como doutorandos, deixámonos levar polas nosas propias dificultades, pero escoitar como outros construíron unha carreira sólida axúdanos a tomar distancia e a ver os obstáculos doutra forma. Aspiro a aprender como construír unha rede de contactos e a comprender mellor os desafíos e aprendizaxes do mundo investigador. Ademais, valoro moito poder contar cunha persoa cercana á que acudir con dúbidas durante as últimas etapas de meu doutoramento.

Como doutorandos, tamén podemos contribuír coas nosas experiencias, que acostuman a vir de puntos de vista máis recentes ou diferentes. No meu caso, teño en común co meu mentor un perfil investigador similar, e creo que podemos crear un diálogo no que ambas partes aprendamos mutuamente. É unha oportunidade para compartir e construír en conxunto, aportando ideas frescas e quizais enfoques innovadores que poidan ser útiles tamén para o meu mentor.



CHEN YATING

Eu vexo a iniciativa da EDIUS como unha excelente oportunidade para mellorar o meu desenvolvemento persoal e académico. Decidín unirme ao programa despois de que me alentaran a facelo os meus asesores de tese, o doutor Ignacio Miguel Palacios Martínez e a doutora María Paloma Núñez Pertejo. Eles recomendáronme esta experiencia como unha maneira de aprender doutros investigadores/as e persoal de doutoramento, permitíndome centrarme, non só na miña tese, senón tamén no meu desenvolvemento futuro e no meu benestar emocional.

Agardo aprender do meu mentor como equilibrar a miña vida persoal e os estudos, así como estratexias para manexar a ansiedade. Ademais, creo que a través deste intercambio poderei facer progresos máis rapidamente na miña tese. No futuro, tamén me gustaría participar neste programa como mentora e compartir a miña experiencia con outros estudantes internacionais.

[↩ Ir ao sumario](#)



Dolores Vilavedra

Subdirectora de Artes
e Humanidades

Fotografía: Teresa Navarro

*«Por iso é básico
que nos guste a
nosa tese, que
teñamos un
vínculo co tema,
que este non sexa
algo aleatorio ou
imposto: que o
escollamos (aínda
que sexa dentro
duns límites)»*

OPINIÓN

Un punto de equilibrio

Cando se vai facer una tese, resulta moi importante (fundamental, diría eu) sentirnos comprometidas co tema, mais o certo é que, cada vez máis, este ven definido pola orientación do grupo no que o investigador ou investigadora se integra. A miúdo, a tese é só una peza máis do puzzle, una tesela no mosaico: imprescindible para completar o conxunto pero case invisible a carón de moitas outras. E isto encaixa mal cunha idea romántica que podemos ter da investigación segundo a cal esta xurde dun arrebatado de inspiración que nos ilumina e nos fai ver o camiño (xa sabedes, a mazá que cae da árbore newtoniana...), un camiño que remata, indefectiblemente, nun avance revolucionario que mudará de vez o coñecemento na nosa área e xa nos vemos recibindo o Premio Nobel e... alá vai, rematou o conto da leiteira: escachou o cántaro e derramouse o leite. Pois o certo é que isto case nunca acontece, que a ciencia avanza paso a paso e que o saber é un camiño longo, con moitos ramais tortos que non levan a ningures e que a miúdo semellan desviarnos da meta final.

Cando estamos inmersas no proceso de investigación, é habitual que perdamos a perspectiva. Abafadas polo curtopracismo, pola urxencia de ir resolvendo problemas, non conseguimos percibir con claridade a importancia da achega ao coñecemento que hai sempre en cada tese e, ás veces, sucumbimos ao desánimo, á desmotivación. Por iso é básico que nos guste a nosa tese, que teñamos un vínculo co tema, que este non sexa algo aleatorio ou imposto: que o escollamos (aínda que sexa dentro duns límites). Sen sublimalo, sen idealizalo. Atopando un punto de equilibrio entre a razón e o corazón, entre o pragmatismo e o idealismo. Só así chegaremos ao final, e chegaremos satisfeitas de nós mesmas, da meta acadada e do camiño recorrido. Sempre, con humildade e con ese tipo de paciencia que ás veces semella raiana na teimosía, botando man da creatividade que leva adoito o risco como compango. E con convicción: a nosa tese precisa que creamos nela. Ata o final.

↩ Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

Premio Valentín Paz Andrade para unha tese baseada na economía rexional


Premios de Investigación en Economía de Galicia Valentín Paz Andrade

A décima edición dos Premios de Investigación en Economía de Galicia Valentín Paz Andrade, convocados conxuntamente polo Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da USC e o Consello Económico e Social de Galicia (CES), xa ten gañadores. Estes galardóns recoñecen investigacións -nas categorías de artigos e teses de doutoramento- que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económica e social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para o benestar dos seus cidadáns.

Na modalidade de teses de doutoramento, o premiado foi Fernando de la Torre Cuevas pola súa investigación “Expanding hybrid approaches to construct (Inter)regional input-output models”. O xurado estimou “a calidade metodolóxica da investigación, que combina dous modelos de análise clásicos en economía, pero ben diferenciados”. Por unha banda, abórdase un estudo teórico baseado na economía rexional, “cun manexo moi destacado dos conceptos e das últimas actualizacións rexistradas neles”. Por outra, a tese trata na segunda parte unha aproximación de base matemática, “complexa e impecable”, ao cálculo das táboas *input-output* de alcance rexional. “Isto é, a tese consegue despregar os dous sistemas analíticos máis arraigados nas ciencias económicas, en principio diferenciados, pero que logra manexar con extraordinaria coherencia ao longo de todo o traballo”, conclúe o xurado.

Xa na modalidade de traballos publicados en revistas científicas ou en editoriais recoñecidas, o xurado decidiu por unanimidade premiar o artigo “Estimating illegal catches in data-poor S-fisheries: Insights from multispecies shellfish poaching in Galician small scale fisheries”, da autoría de Hugo M. Ballesteros, Eduardo Sánchez Llamas e Gonzalo Rodríguez Rodríguez e publicado este ano na revista *Marine Policy*. Nesta mesma categoría o xurado coincidiu en outorgar un *accésit* ao artigo “Because of its size, it’s not worth it!: The viability of small-scale geographical indication schemes”, de Rubén Boga e Valerià Paül e publicado na revista *Food Policy*.

ENTREVISTA



Fernando de la Torre
Cuevas

Falamos con Fernando de la Torre, premiado pola súa investigación “Expanding hybrid approaches to construct (Inter)regional input-output models”

«Ver premiada unha investigación sobre metodoloxía é unha alegría engadida»

Que supón para ti este premio?

Unha satisfacción que se engade á que xa tiña polo feito de ter rematado a tese. Ademais, as investigacións sobre metodoloxía na modelización económica tenden a non recibir tanta atención, en tanto que son pasos previos para investigacións aplicadas de maior relevancia académica e social. Por tanto, ver premiada unha investigación sobre metodoloxía é unha alegría engadida.

Que ten de novidade a “calidade metodolóxica” da túa tese que destaca o xurado?

Quero agradecer ao xurado a súa valoración tanto respecto ao contido como á estratexia de demostración seguida na tese. Respondendo á túa pregunta, na miña tese propono tres innovacións metodolóxicas que flexibilizan os requirimentos de información para solucionar tres problemas asociados aos modelos económicos input-output aplicados a escala rexional (subnacional). Estes problemas son: a actualización das contas rexionais reconciliando información que pode entrar en conflito entre si, o paso de prezos correntes a prezos constantes, e a inserción de modelos rexionais dentro de modelos de escala mundial. Nos tres casos, formulo matematicamente as miñas propostas metodolóxicas e as contrasto coas máis consolidadas na literatura académica. Ademais, realizo contrastes empíricos empregando bases de datos publicadas por organismos oficiais para avaliar se as innovacións propostas funcionan mellor ou peor que outros métodos.

Poderías resumirnos brevemente o tema da túa tese?

A análise *input-output* é unha maneira de modelar unha ou varias economías amplamente empregada pola ciencia rexional para estudar fenó-

menos económicos, sociais e medioambientais. Pero, desde os seus inicios, a análise *input-output* (inter)rexional sofre da escaseza de datos detallados para as escalas territoriais (rexións, concellos, etc.) que busca estudar. Este problema faise particularmente agudo naquelas rexións menos desenvolvidas, onde adoita non haber recursos suficientes para conseguir información. Na miña tese proponho tres innovacións metodolóxicas que flexibilizan os requerimentos de información para operar con este tipo de modelos económicos. Isto é, permítennos resolver os tres problemas que veño de mencionar en rexións nas que dispoñemos de gran cantidade de información e tamén naquelas nas que non, de maneira consistente e sistemática. Desta maneira, busco demostrar que é posible expandir o alcance da análise *input-output* a nivel rexional combinando información recompilada a través da observación directa con estimacións indirectas.

Como cres que afectará este recoñecemento á túa carreira investigadora?

Alén da satisfacción persoal, estes premios sempre supoñen unha pequena axuda para consolidar a miña carreira laboral dentro da universidade. Pero alén disto, espero que este premio sexa visto como un recoñecemento a unha maneira de xestionar a investigación que na universidade, por desgracia, non é maioritaria. A tese que se premia é, por suposto, froito do meu esforzo e do acompañamento dos meus directores de tese: Edelmiro López Iglesias, Xesús Pereira López e, extraoficialmente, Michael L. Lahr. Pero esta tese tamén é resultado de dúas políticas practicadas nos grupos de investigación involucrados: Ecoagrasoc e GAME. Dunha banda, unha cultura colectiva de apoio persoal e, sobre todo, económico ao persoal investigador que está iniciando a súa carreira. Esta tese non sería a mesma se non me tivese pagado a asistencia a cantos congresos, seminarios e conferencias considererei pertinente. Tampouco sen a certeza de poder realizala baixo o paraguas dun contrato laboral. Doutra, quero destacar o esforzo feito nestes grupos por primar o compañeirismo e a axuda mutua fronte aos incentivos á competición. A este último respecto, non podo deixar de mencionar o moito que aprendín en paralelo participando da Asemblea de Investigadoras de Compostela.

EDIUS NOVAS

Convocatoria 2024 das Axudas Ramón y Cajal

O prazo de presentación de candidaturas remata o 21 de xaneiro de 2025 ás 14:00 horas.

O pasado 6 de decembro publicouse no [BOE](#) o anuncio da convocatoria 2024 das axudas Ramón y Cajal. Estas axudas, que gozan dun grande prestixio entre a comunidade científica, teñen por obxecto promover a incorporación en organismos de investigación de persoal investigador, tanto español como estranxeiro, cunha traxectoria destacada co fin de que adquiran as competencias e capacidades que lles permitan obter un posto de carácter estable nun organismo de investigación do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e de Innovación. Alén diso, incentivan especificamente a incorporación de investigadores e investigadoras que leven desenvolvendo a súa actividade profesional no estranxeiro durante un determinado período.

A Universidade de Santiago de Compostela vai ofertar prazas en todas as áreas de coñecemento e mantén, dende hai anos, unha política activa de incorporación de persoal investigador seleccionado nesta convocatoria, atendendo tanto a unha estratexia de impulsar a ciencia do maior nivel como a de facilitar o relevo xeracional nas distintas áreas.

Entre os meses de decembro e xaneiro celebráronse encontros para dar información sobre a convocatoria Ramón y Cajal, un no Campus de Santiago e outro no de Lugo. Nestes encontros abordáronse temas de interese como os aspectos fundamentais da convocatoria Ramón y Cajal 2024, cal é o proceso de vinculación á USC e tamén se coñeceu a experiencia de investigadores/as Ramón y Cajal das últimas convocatorias.

No encontro participaron:

- Emilio M. Martínez Rivas, *director da Área de Promoción e Estratexia Científica da vicerreitoría de Política Científica*
- Manuel Boquete, *xefe da Subárea de Convocatorias e Programas de Recursos Humanos*
- Saray Busto Ulloa, *investigadora Ramón y Cajal, CITMaga, área de Matemática Aplicada*
- Tiago Mendes Ferreira, *CIQUS, área de Química Física.*

 [Ir ao sumario](#)

**Que destacarías
destas axudas?**

**De que xeito son positivas
para o desenvolvemento da carreira
investigadora?**



**TIAGO MENDES
FERREIRA**

1. Estas axudas son un mecanismo moi importante para o avance da ciencia en España, xa que contribúen a combater a chamada "endogamia académica". Ofrecen a investigadores e investigadoras, tanto españois como estranxeiros, cun alto grao de independencia, excelencia e experiencia internacional, a oportunidade de consolidar a súa traxectoria científica e atopar a estabilidade profesional, un aspecto crucial para poder desenvolver unha actividade científica a longo prazo. Destacaría, especialmente, o feito de que se trata dunha convocatoria sen institución asociada, algo pouco común noutros países, e cun peso relativamente baixo do proxecto futuro a desenvolver. A avaliación céntrase exclusivamente na traxectoria académica xa realizada pola persoa investigadora, aplicando criterios de excelencia científica, independencia e internacionalización.
2. Aínda que na maioría dos casos non exista unha garantía de estabilización total, e frecuentemente só se establece un acordo informal para a estabilización, na grande maioría dos casos, as institucións acolledoras comprométese a crear un posto de traballo permanente no final do programa, normalmente para Profesor Titular, co perfil do investigador/a que o orixinou e mediante a acreditación R3. Disto resulta unha estabilización posterior da maior parte dos investigadores/as que cumpren un contrato no ámbito do programa Ramón y Cajal. Outro aspecto positivo é que a posibilidade de contatar a varias institucións asociadas ao programa dá algunha marxe de negociación ao investigador/a, por exemplo relativamente a infraestruturas importantes para desenvolver os seus proxectos. Tamén de valorar é a asignación de 50.000 EUR (ou 100.000 EUR no caso de ser elixible para a opción de "atracción de talento") o que permite xerar desde cedo resultados preliminares que poden ser importantes en propostas para diferentes concursos de financiamento, e tamén para o custo de conferencias, consumíbeis e outros. E por fin, subliñar tamén o límite máximo de horas anuais de docencia durante os cinco anos, o que garante tempo suficiente para desenvolver actividades de investigación.

Que destacarías
destas axudas?

De que xeito son positivas
para o desenvolvemento da carreira
investigadora?



**SARAY BUSTO
ULLOA**

1. Baixo o meu punto de vista, estas axudas marcan a excelencia investigadora en España e constitúen un recoñecemento e posta en valor da investigación que se realiza en todos os ámbitos do coñecemento. É unha vía de acceso esencial ao sistema universitario e investigador que ofrece a posibilidade de afianzar carreiras profesionais cunha forte compoñente investigadora. Como resultado do compromiso de estabilización, do financiamento obtido e do recoñecemento asociado a estas axudas, as Axudas Ramón y Cajal asentan as bases de novos grupos de investigación punteiros a nivel internacional potenciando o desenvolvemento profesional dos seleccionados/as e dos seus equipos de investigación.
2. Son unha peza fundamental para o desenvolvemento dunha carreira investigadora xa que se corresponden cunha etapa clave da mesma e permiten a estabilización diminuíndo a precariedade laboral no ámbito investigador. O financiamento do que van acompañadas permite desenvolver tarefas clave na investigación como a participación en eventos científicos, a contratación de persoal ou a adquisición de material base. Estes aspectos, xunto co compromiso de estabilización do persoal, a reducida carga docente asociada e o recoñecemento que conlevan, son fundamentais para lograr a independencia investigadora e establecer grupos de investigación de excelencia internacional.

EDIUS **NOVAS**

EMEC24 premia unha comunicación presentada desde a USC sobre novos contaminantes

Un póster presentado desde a USC obtivo o premio á mellor comunicación nese formato na categoría de investigadores/as xoves na 24 edición do European Meeting on Environmental Chemistry (**EMEC24**), un congreso internacional de química medioambiental. A autoría do traballo correspóndelle ao investigador/a predoutoral Andrés Duque Villaverde, que presentou a comunicación e que está a realizar a tese na Facultade de Química, así como a Daniel Armada e María Llompart da mesma Facultade e do CRETUS da USC e, por último, a Thierry Dagnac, do centro de investigación AGACAL-CIAM da Coruña.

